



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
"O FSE inviste no teu futuro"



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE

Probas de acceso a ciclos formativos de grao medio

CMPC001

Ciencias da natureza

Parte científico-técnica. Ciencias da natureza



1. Formato da proba

Formato

- A proba consta de vinte cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas das que soamente unha é correcta.

Puntuación

- Puntuación: 0.50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0.125 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.
- No caso de marcar máis dunha resposta por pregunta considerarase como unha resposta en branco.

Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de: 60 minutos.

Materiais e instrumentos que se poden empregar durante a proba

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.



2. Exercicio

1. Como se chama o paso dunha substancia de estado gasoso a estado líquido?

¿Cómo se llama el paso de una sustancia de estado gaseoso a estado líquido?

- A** Evaporación.
- B** Condensación.
- C** Fusión.

2. Cal das seguintes actividades non emite dióxido de carbono?

¿Cuál de las siguientes actividades no emite dióxido de carbono?

- A** As centrais eléctricas térmicas de fuel óleo.
Las centrales eléctricas térmicas de fuel oil.
- B** As centrais eléctricas de metano-gas natural.
Las centrales eléctricas de metano-gas natural.
- C** As centrais eléctricas eólicas.
Las centrales eléctricas eólicas.

3. As verduras e as froitas proporcionanlle ao organismo:

Las verduras y las frutas proporcionan al organismo:

- A** Vitaminas, minerais e fibra.
Vitaminas, minerales y fibra.
- B** Proteínas.
Proteínas.
- C** Graxas saturadas.
Grasas saturadas.

4. Como se denominan as doenzas producidas por axentes patóxenos como virus, bacterias, fungos ou protozoos?

¿Cómo se denominan las enfermedades producidas por agentes patógenos como virus, bacterias, hongos o protozoos?

- A** Dexenerativas.
Degenerativas.
- B** Neoplásicas ou tumorais.
Neoplásicas o tumorales.
- C** Infecciosas.
Infeciosas.



5. As doenzas que atacan a moitas persoas nun curto espazo de tempo son catalogadas como:

Las enfermedades que atacan a muchas personas en un corto espacio de tiempo son catalogadas como:

- A** Endémicas.
- B** Epidémicas.
- C** Crónicas.

6. Que gas é o principal responsable do incremento do efecto invernadoiro e, xa que logo, do quecemento global?

¿Qué gas es el principal responsable del incremento del efecto invernadero y, por tanto del calentamiento global?

- A** Os derivados do xofre.
Los derivados del azufre.
- B** O nitróxeno.
El nitrógeno.
- C** O dióxido de carbono.
El dióxido de carbono.

7. Cal dos seguintes procesos con cambios enerxéticos se produce na fotosíntese?

¿Cuál de los siguientes procesos con cambios energéticos se produce en la fotosíntesis?

- A** Enerxía química en enerxía cinética.
Energía química en energía cinética.
- B** Enerxía química en enerxía luminosa.
Energía química en energía luminosa.
- C** Enerxía luminosa en enerxía química.
Energía luminosa en energía química.

8. O xenotipo é.

El genotipo es:

- A** O conxunto de xenes que posúe un individuo e que herdou dos seus proxenitores.
El conjunto de genes que posee un individuo y que ha heredado de sus progenitores.
- B** A aparencia externa dun carácter xenético.
La apariencia externa de un carácter genético.
- C** Cada un dos cromosomas homólogos.
Cada uno de los cromosomas homólogos.



9. A enerxía pasa en forma de calor...

La energía pasa en forma de calor...

- A** Dun corpo frío a un quente.
De un cuerpo frío a uno caliente.
- B** Entre corpos á mesma temperatura.
Entre cuerpos a la misma temperatura.
- C** Dun corpo quente a un frío.
De un cuerpo caliente a uno frío.

10. O aumento de volume que experimenta un corpo cando recibe enerxía en forma de calor denomínase:

El aumento de volumen que experimenta un cuerpo cuando recibe energía en forma de calor se denomina:

- A** Dilatación.
Dilatación.
- B** Ebulición.
Ebullición.
- C** Contracción.
Contracción.

11. A enerxía pódese clasificar segundo a súa forma de manifestarse; daquela, cando falamos da enerxía que teñen os corpos polo feito de estaren en movemento, falamos de:

La energía se puede clasificar según su forma de manifestarse; así, cuando hablamos de la energía que tienen los cuerpos por el hecho de estar en movimiento, hablamos de:

- A** Enerxía elástica ou de deformación.
Energía elástica o de deformación.
- B** Enerxía cinética.
Energía cinética.
- C** Enerxía potencial.
Energía potencial.



12. Mediante certas substancias químicas podemos axudar o noso organismo a combater unha determinada doenza. Daquela, se utilizamos antibióticos poderemos tratar doenzas producidas por:
-

Mediante ciertas sustancias químicas podemos ayudar a nuestro organismo a combatir una determinada enfermedad. Así, si utilizamos antibióticos, podremos tratar enfermedades producidas por:

A Calquera tipo de microorganismos.
Cualquier tipo de microorganismos.

B Só bacterias.
Sólo bacterias.

C Só virus.
Sólo virus.

13. Todas as células teñen unhas estruturas comúns. Con todo, a organización celular non é igual en todas elas. As células procariotas son aquelas que...
-

Todas las células tienen unas estructuras comunes. Sin embargo, la organización celular no es igual en todas ellas. Las células procariotas son aquellas que...

A Carecen de material xenético.
Carecen de material genético.

B Teñen o material xenético no interior dun compartimento chamado núcleo, que está delimitado por unha dobre membrana.
Tienen el material genético en el interior de un compartimento llamado núcleo, que está delimitado por una doble membrana.

C Teñen o material xenético disperso polo citoplasma.
Tienen el material genético disperso por el citoplasma.

14. As células vexetais diferéncianse das células animais en que son:
-

Las células vegetales se diferencian de las células animales en que son:

A Eucariotas e autótrofas.
Eucariotas y autótrofas.

B Eucariotas e heterótrofas.
Eucariotas y heterótrofas.

C Procariotas e autótrofas.
Procariotas y autótrofas.



15. O estómago é unha bolsa muscular que comunica co intestino delgado mediante unha válvula chamada:
-

El estómago es una bolsa muscular que comunica con el intestino delgado mediante una válvula llamada:

A Cardias.

B Epiglote.
Epiglotis.

C Píloro.

16. Como se chama o proceso voluntario e consciente mediante o que os seres vivos toman os alimentos que compoñen a dieta?
-

¿Cómo se llama el proceso voluntario y consciente mediante el cual los seres vivos toman los alimentos que componen la dieta?

A Dietética.

B Alimentación.

C Nutrición.

17. O perfil calórico dunha dieta é a porcentaxe de enerxía achegada polas proteínas, os lípidos e os hidratos de carbono. Dicimos que unha dieta é hipocalórica cando achega...
-

El perfil calórico de una dieta es el porcentaje de energía aportada por las proteínas, los lípidos y los hidratos de carbono. Decimos que una dieta es hipocalórica cuando aporta...

A As quilocalorías necesarias.

Las kilocalorías necesarias.

B Menos quilocalorías das necesarias.

Menos kilocalorías de las necesarias.

C Máis quilocalorías de las necesarias.

Más kilocalorías de las necesarias.

18. As células sanguíneas que actúan como células defensivas ante infeccións son os:
-

Las células sanguíneas que actúan como células defensivas ante infecciones son los:

A Trombocitos.

B Eritrocitos.

C Leucocitos.



19. Entre as doenzas provocadas por unha alimentación inadecuada atópase a bulimia, que consiste en:

Entre las enfermedades provocadas por una alimentación inadecuada se encuentra la bulimia, que consiste en:

A A inxestión desmesurada de alimentos.

La ingestión desmesurada de alimentos.

B A dificultade para eliminar as feces.

La dificultad para eliminar las heces.

C O rexeitamento a inxerir alimentos.

El rechazo a ingerir alimentos.

20. Os tipos de enerxía que se poñen en xogo ao lanzarmos un balón de baloncesto á canastra son.

Los tipos de energía que se ponen en juego cuando lanzamos un balón de baloncesto a canasta son.

A Cinética, química.

B Nuclear, electromagnética.

C Cinética, potencial.



3. Solución para as preguntas tipo test

Nº	A	B	C	
1		X		
2			X	
3	X			
4			X	
5		X		
6			X	
7			X	
8	X			
9			X	
10	X			
11		X		
12		X		
13			X	
14	X			
15			X	
16		X		
17		X		
18			X	
19	X			
20			X	
Nº de respostas correctas (C)				
Nº de respostas incorrectas (Z)				
Puntuación do test = $C \times 0.5 - Z \times 0.125$				

Nas preguntas de test, por cada resposta incorrecta descontaranse 0.125 puntos. As respostas en branco non descontarán puntuación.